



## RECIBO DE PRESENTACIÓN NO REXISTRO ELECTRÓNICO DA XUNTA DE GALICIA

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) presentou no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia a documentación do procedemento PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL na que se indica para a súa remisión a:

CALDAS DE REIS

PM24-0245

NÚMERO DE SAÍDA	DATA E HORA	DESTINO
910238	07-05-2024 12:07:42	Rexistro Electrónico da Xunta - Agader

DOCUMENTO	ARQUIVO
Resolución de concesión	ResolucionConcesion_PM22-245.pdf



## RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDA

### PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRICOLAS 2024-2025 (MR701E)

#### I.- Identificación do proxecto

- N° de Expediente: PM24-0245
- Título: Mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas no concello de CALDAS DE REIS
- Promotor: CALDAS DE REIS

#### II.- Antecedentes

- O 19 de decembro de 2023 a directora xeral de Agader asinou a Resolución pola que se aproba o Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025 cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020 (DOG núm. 18, do 25 de xaneiro de 2024).
- O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 aprobado mediante a Decisión de execución da Comisión Europea, do 18 de novembro de 2015 (CCI: 2014ES06RDRP011), prevé na ficha correspondente á submedida 4.3 o apoio a investimentos en infraestruturas destinadas ao desenvolvemento, modernización ou adaptación da agricultura e a silvicultura.
- Para o financiamento do citado plan está prevista unha dotación orzamentaria de 19.498.525 €, con cargo á conta orzamentaria dos orzamentos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural 14-A1-712A-760.0 (código de proxecto 2024-00003), distribuída entre todos os concellos de Galicia en base a uns criterios obxectivos, públicos e previamente consensuados coa Federación Galega de Municipios e Provincias.
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 14 de decembro de 2023 polo que se autoriza a Agader a concesión directa das axudas tramitadas ao abeiro do Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025.

O 26 de febreiro de 2024 entidade promotora do proxecto presentou unha solicitude de axuda para a execución do proxecto citado.





### III.- Fundamentos legais

- Resolución do 19 de decembro de 2023 da directora xeral de Agader pola que se aproba o Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025 cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020 (DOG núm. 18, do 25 de xaneiro de 2024).
- Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 aprobado mediante a Decisión de execución da Comisión Europea, do 18 de novembro de 2015 (CCI: 2014ES06RDRP011), prevé na ficha correspondente á submedida 4.3 o apoio a investimentos en infraestruturas destinadas ao desenvolvemento, modernización ou adaptación da agricultura e a silvicultura.

De acordo co anterior, logo da instrución do procedemento nos termos previstos no plan por parte da Subdirección de Planificación e Dinamización do Medio Rural e da proposta formulada pola Secretaría Xeral de Agader, a directora xeral da Agader, no exercicio das competencias delegadas polo Acordo do Consello de Dirección da Agader, do 11 de xullo de 2013 (Resolución do 24 de xullo de 2013, pola que se fai pública a delegación de competencias na Presidencia e na Dirección Xeral da Agader, *DOG* núm. 148, do 5 de agosto de 2013), **RESOLVO:**

- Concederlle ao Concello de CALDAS DE REIS unha axuda por importe de 36.588,41 € equivalente a un 100,00 % de axuda respecto do orzamento aceptado, ao abeiro do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, coas seguintes condicións:
  1. O orzamento presentado e aprobado desagregado por conceptos é o seguinte:

PROXECTO	Orzamento Presentado	Orzamento Aceptado
PROXECTO DE PAVIMENTADO CAMIÑO DE CESAR A CESARIÑOS	24.188,41 €	24.188,41 €
<b>Total Obra Civil</b>	<b>24.188,41 €</b>	<b>24.188,41 €</b>
Control de calidade	2.400,00 €	2.400,00 €
<b>Total Plan de Mellora Camiños</b>	<b>26.588,41 €</b>	<b>26.588,41 €</b>
Estudo Integral da Rede Viaria Municipal	10.000,00 €	10.000,00 €
<b>TOTAL SOLICITUDE DE AXUDA</b>	<b>36.588,41 €</b>	<b>36.588,41 €</b>

Respecto do orzamento aceptado , compre facer as seguintes observacións:  
Sen Observacións

2. A puntuación obtida por cada unha das actuacións propostas na solicitude de axuda segundo os criterios de selección de operacións (artigo 11 do Anexo I do Plan de mellora) é a seguinte:





Actuación 1.1: CAMIÑO DE CESAR A CESARIÑOS  
Puntuación: 90 puntos

3. A citada axuda concédese en réxime de concesión directa, con fundamento no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante, LSG), en relación co artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento e está cofinanciada polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural ao abeiro do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020.

O importe da subvención finansiase con cargo á conta orzamentaria 14-A1-712A-760.0 (código de proxecto 2024-00003) dos orzamentos de Agader, de acordo coa seguinte desagregación:

<b>Importe Asignado (Plan de Mellora)</b>	<b>55.858,00 €</b>	
<b>Importe da Axuda Plan de Mellora Camiños</b>	<b>26.588,41 €</b>	
<b>Axuda Estudo Integral Rede viaria - Anexo II b)</b>	<b>10.000,00 €</b>	
<b>TOTAL AXUDA</b>	<b>36.588,41 €</b>	
<b>Distribución por fondos</b>	<b>FEADER (75%)</b>	<b>27.441,31 €</b>
	<b>MAPA (7,5%)</b>	<b>2.744,13 €</b>
	<b>XUNTA (17,5%)</b>	<b>6.402,97 €</b>
<b>Anualidades</b>	<b>Anualidade 2024 (48,718%)</b>	<b>Anualidade 2025 (51,282%)</b>
	<b>17.825,14 €</b>	<b>18.763,27 €</b>

4. O procedemento de xestión das subvencións, así como o réxime de xustificación dos investimentos subvencionables é o referido na Resolución do 19 de decembro de 2023, pola que se aproba o Plan de mellora de camiños municipais 2024-2025.
5. O prazo límite para executar e xustificar os investimentos correspondentes á anualidade 2024 será o 16 de outubro de 2024 ou ben o 11 de decembro de 2024 para aqueles concellos que soliciten unha ampliación do prazo de execución e xustificación nos termos previstos no artigo 15 do anexo I da Resolución pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025.

O feito de non xustificar correctamente esta anualidade devirá na perda parcial do dereito ao cobramento da axuda polo importe non xustificado.

O prazo final de execución e xustificación será o 30 de maio de 2025.

A xustificación documental dos investimentos realizarase nos termos previstos no artigo 15 do anexo I da Resolución do 19 de decembro de 2023.





6. O réxime de pagamentos será o establecido no artigo 17 do anexo I da Resolución pola que se aproba o Plan.
7. Con carácter xeral, son obrigas dos beneficiarios as establecidas no artigo 11 da LSG e, en particular:
  - a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, e manter a obriga de destino das actuacións subvencionadas durante un período mínimo de cinco anos a partir da resolución de pagamento final.  
As obras incluídas neste plan deberán ter unha garantía de mantemento de, cando menos, 5 anos contados desde a data de pagamento final da axuda. Serán por conta do concello os custos necesarios para a súa conservación. O concello debe asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades causadas por mor das obras, nos termos previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
  - b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como o cumprimento da finalidade da subvención, a realización do proxecto completo que fundamentou a concesión da subvención e o seu custo real.
  - c) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e executar a totalidade do proxecto presentado xunto coa solicitude e que fundamentou a resolución de concesión, segundo o estipulado no artigo 41 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
  - d) Realizar o proceso de tramitación e adxudicación da contratación conforme coas prescricións contidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e demais normativa de contratación aplicable ás entidades locais.
  - e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
  - f) Comunicar a Agader a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
  - g) Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes da subvención nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A aceptación da axuda supón a súa publicación nunha lista pública de beneficiarios.
  - h) Deberase publicitar a concesión da axuda nos termos previstos no Anexo III do Regulamento 808/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen





disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013, e co disposto na Estratexia de información e publicidade do PDR 2014-2020 de Galicia; en particular, do seguinte xeito:

- Publicitar a concesión da axuda mediante a colocación dun panel de obra nun lugar visible ao público con información sobre o proxecto, en que se destacará a axuda financeira da Unión, coa inclusión do seguintes elementos: a bandeira europea, a referencia ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e a inclusión do lema: «Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural». Ao mesmo tempo, incluirán unha referencia á participación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación na cofinanciación das actuacións subvencionadas, mediante a inclusión do logotipo deste organismo. O panel será de material resistente e ríxido, e deberá estar colocado ata o momento da realización da visita *in situ*.
- No caso de que o concello teña páxina web, incluirá unha breve descrición da operación con referencia ao financiamento da Unión Europea.

i) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que corresponde á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, así como as previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Os concellos beneficiarios suxeitaranse ás verificacións previstas no Regulamento (UE) núm. 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ao Sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade, e, no seu caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. De conformidade cos artigos 46 e seguintes do citado regulamento, entre estas actuacións de comprobación efectuaranse controis administrativos de todas as solicitudes de axuda e de pagamento, así como os controis sobre o terreo e controis *a posteriori* que se determinen. Ademais, e en aplicación dos disposto no artigo 71 do Regulamento (UE) núm. 1305/2013, deberán proporcionarlle á Autoridade de Xestión do PDR de Galicia 2014-2020, aos avaliadores designados ou a outros organismos en que dita autoridade delegue a realización deste tipo de tarefas, toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e avaliación do programa.

j) Cando o concello beneficiario non poida executar o proxecto subvencionado, deberá presentar a súa renuncia a través do modelo normalizado que se incorpora á resolución como anexo V.

k) Os beneficiarios deberán manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao amparo desta orde, segundo resulta do artigo 66 do Regulamento 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader.

8. Esta operación poderá recibir axuda de un ou varios fondos EIE ou de un ou varios programas e doutros instrumentos da Unión, a condición de que a partida de gasto incluída nunha solicitude de pago para o reembolso por un dos fondos EIE non estea





subvencionada por outro fondo ou instrumento da Unión, nin polo mesmo fondo conforme a un programa distinto.

Á marxe do anterior, as subvencións concedidas ao abeiro deste plan marco serán compatibles con outras axudas, subvencións ou recursos destinados á mesma finalidade, tanto de orixe pública como privada, sempre que a intensidade máxima das axudas con fondos públicos non exceda o 100% do importe do investimento.

Para os efectos de determinar a compatibilidade e acumulación das axudas, a entidade beneficiaria deberá declarar outras axudas solicitadas, concedidas e/ou pagadas para o mesmo proxecto, nos termos previstos na solicitude de axuda (anexo IV) e na solicitude de pagamento (anexo VI).

9. Procederá o reintegro das contías percibidas indebidamente e a exixencia dos xuros de demora nos supostos previstos no artigo 33.1 da LSG. O procedemento de reintegro tramitarase nos termos previstos no artigo 77 do Decreto 11/2009.
10. Os beneficiarios das axudas, de ser o caso, estarán suxeitos ao réxime sancionador previsto no título IV da LSG, desenvolvido no título VI do RLSG.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, nos termos previstos no artigo 46 na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente á interposición do recurso en vía xudicial poderase formular potestativamente un requirimento previo de anulación, no prazo de dous meses, nos termos previstos no artigo 44 do mesmo texto legal.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural  
-Por delegación: Resolución 24/07/2013; DOG n.º 148, do 5 de agosto-.  
Inés Santé Riveira

